

José María Gómez Díaz-Castroverde
Presidente Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

A Coruña, 30 de marzo de 2023

Excelentísimo señor:

Ante a situación que se vai producir con motivo do remate da folga de Letrados da Administración de Xustiza, preocupa fundamentalmente á Avogacía e á Procuraduría, como sen dúbida preocupa a Vostede e a cantos órganos están involucrados na administración de Xustiza, o ritmo de retorno á normalidade.

É difícil predicir as incidencias que se van producir, pero unha da que máis preocupa é a coincidencia de sinalamentos, coincidencia que obrigará aos letrados/as afectados/as a solicitar a suspensión de actos e vistas.

Non sobra indicar que é interese prioritario dos despachos profesionais celebrar o maior número de xuízos, o máis rápido posible, para desatascar o traballo e poñer fin á lamentable situación en que a folga que agora felizmente remata puxo ao dereito constitucional á tutela xudicial efectiva de miles de cidadáns. Neste sentido teña por seguro que a primeira persoa que intentará evitar unha suspensión será o letrado ou letrada do asunto, esmerando unha óptima organización do despacho.

Polo que, naqueles casos en que se solicite a suspensión en base á devandita circunstancia, por outra banda legalmente prevista, haberá de respectarse a decisión do letrado/a e acceder á suspensión solicitada, tendo en conta que é quen dirixe o asunto quen mellor pode apreciar se é ou non posible a substitución, sen diminución do dereito de defensa. Solicitamos polo tanto á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza que acorde ditar recomendación dirixida aos órganos xudiciais de Galicia, a fin de que na resolución das solicitudes de suspensión por coincidencia de sinalamentos se dea prioridade ao dereito de defensa do cidadán/ás, e ao de ser asistidos polo letrado/a da súa confianza, sen obrigarlle a ser defendido por outro profesional que o substitúa.

Outra cuestión que preocupa ás profesións da Avogacía e Procuraduría é a necesidade de que se desbote a proposta de celebrar xuízos polas tardes, dado que compromete gravemente o normal funcionamento e traballo no despacho, polo que solicitamos que non se contemple esa posibilidade.

Por ese motivo rogamos a V.E. que dea traslado desta xusta petición aos órganos xurisdiccionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Asinado:

Lourdes Carballo Fidalgo
Presidenta do Consello da
Avogacía Galega

José Antonio Fandiño Carnero
Presidente do Consello Galego
de Procuradores